

Expediente nº: 231/2024

Contrato

Procedemento: Contrato de Obras por Procedemento Aberto Simplificado sumario

Asunto: Contrato de obra – C 4/2024 – “MELLORA DE VIALES MUNICIPAIS EN PARADELA E BARALLA (XENDE), DO CONCELLO DA LAMA”

DOCUMENTO DE FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A Lama, a 05 de setembro de 2024

Dunha parte, D. DAVID CARRERA CAL, Alcalde – Presidente do Concello A Lama con DNI núm. 76815665N, asistido da secretaria accidental da Corporación Dona Mónica García Valladares con DNI núm. 44.079.819 C, que da fe do acto.

Doutra parte, ENRIQUE CARRO PELLEJERO, con DNI núm. 76829310H, como apoderado, en representación da empresa CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L., con CIF núm. B36133916.

A finalidade do presente acto é a de proceder á formalización do seguinte contrato:

Tipo de contrato: obra	
Obxecto do contrato: “MELLORA DE VIALES MUNICIPAIS EN PARADELA E BARALLA (XENDE), DO CONCELLO DA LAMA”.	
Procedemento de contratación: aberto simplificado sumario	Tipo de Tramitación: ordinaria
Código CPV: 45233200 - 1	TRABALLOS DIVERSOS DE PAVIMENTACIÓN
Valor estimado do contrato: 64.801,90 euros e 13.608,40 euros de IVE total de 78.410,30 euros	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 64.801,90 euros	IVE%: 13.608,40 euros
Orzamento base de licitación IVE incluído: 78.410,30 euros	
Duración da execución: 1 mes	Duración máxima: 1 mes

Dita adxudicación foi aprobada por Resolución de Alcaldía de data **30 de agosto de 2024**, segundo se desprende dos seguintes

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Con data 23 de Febreiro de 2024 foi aprobado o proxecto da obra denominada “MELLORA DE VIALES MUNICIPAIS EN PARADELA E BARALLA (XENDE), DO CONCELLO DA LAMA” redactado pola Arquitecta Municipal, D^a. Andrea Estévez Fernández, e con data 28 de xuño de 2024, foi aprobado por Resolución de Alcaldía o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

SEGUNDO. Con data 31 de maio de 2024, e mediante Resolución de Alcaldía núm. 2024-0476 xustificouse o inicio da contratación da Subministración consistente en “MELLORA DE VIALES MUNICIPAIS EN PARADELA E BARALLA (XENDE), DO CONCELLO DA LAMA”, e por Resolución de Alcaldía núm. 2024-0596 de data 28 de xuño de 2024 aprobouse o expediente de contratación por procedemento Aberto Simplificado Sumario, e autorizouse o gasto con cargo á aplicación orzamentaria do vixente orzamento e dispúxose a apertura do procedemento de adxudicación con arranxo ó prego de cláusulas administrativas particulares que se considera parte integrante do contrato.



Concello A Lama

Avda. do Concello 1. 36830 (Pontevedra). Tfno. 986 768 238

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe
2024	231-627	78.410,30.-€

TERCEIRO. O órgano de contratación adjudicou o Contrato de Obras por Procedemento Aberto Simplificado Sumario denominado “MELLORA DE VIALES MUNICIPAIS EN PARADELA E BARALLA (XENDE), DO CONCELLO DA LAMA” a empresa CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L., con CIF Nº: B36133916, conforme á Resolución de Alcaldía co num. 2024-0754 de data 30 de agosto de 2024, que transcrita literalmente di o seguinte:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE ADJUDICACIÓN

Visto que na Memoria Xustificativa do **31 de maio de 2024**, detectouse a necesidade de realizar a contratación das obras recollidas na memoria “**MELLORA DE VIALES MUNICIPAIS EN PARADELA E BARALLA (XENDE), DO CONCELLO DA LAMA**”, subvencionado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020, Agencia Gallega de Desarrollo Rural (AGADER) (Q1500273F), RESOLUCIÓN do 19 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento MR701E) así coo a achega da Deputación de Pontevedra en concreto con cargo ao Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Máis Provincia Liña 1- Invetimentos) 2024 da Deputación de Pontevedra Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Máis Provincia) 2024 da Deputación de Pontevedra publicadas no BOPPO de 3 de Xaneiro de 2024.

Dada a característica da obra, polo Alcalde, considérase que o procedemento máis axeitado é o procedemento Aberto Simplificado Sumario.

Visto que se emitiu Informe de Intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente.

Visto que se emitiu Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adjudicar o contrato.

Visto que, por Resolución de Alcaldía de data **31 de maio de 2024**, aprobouse iniciar o expediente para a contratación referenciada motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Visto que se redactou e incorporou ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que debe rexer a adjudicación do contrato.

Visto que, con data **21 de maio de 2024** realizouse a retención de crédito oportuna e con data **28 de xuño de 2024** emitíuse informe de fiscalización do expediente coas conclusións seguintes: procede a tramitación do expediente.

Visto que, mediante Resolución de Alcaldía de data **28 de xuño de 2024**, aprobouse o expediente e os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares para a adjudicación do contrato de obras consistente en “**MELLORA DE VIALES MUNICIPAIS EN PARADELA E BARALLA (XENDE), DO CONCELLO DA LAMA**”, por procedemento Aberto Simplificado Sumario. Así mesmo autorizouse o gasto que supón a adjudicación.

Visto que se publicou a licitación por prazo de 10 días hábiles no perfil do contratante, a fin de que os interesados presentasen as súas proposicións.

Durante a licitación presentaron proposicións en tempo e forma as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L co CIF: B36133916
- CONSTRUCCIONES E.C.CASAS, S.L. co CIF: B36147429
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. co CIF: B36258861
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) co CIF: A36008886
- CONSTRUCCIONES VALE, S.L. co CIF: B36024933
- MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. co CIF: B36533537

Trala revisión da documentación aportada polos licitadores a mesa conclúe o seguinte:
Admitir ós seguintes licitadores:

- CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L co CIF: B36133916



Concello A Lama

Avda. do Concello 1. 36830 (Pontevedra). Tfno. 986 768 238

- CONSTRUCCIONES E.C.CASAS, S.L. co CIF: B36147429
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. co CIF: B36258861
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) co CIF: A36008886
- CONSTRUCCIONES VALE, S.L. co CIF: B36024933
- MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. co CIF: B36533537

Con data **08 de agosto de 2024**, reuniuse a Unidade de Técnica, órgano de asistencia do órgano de contratación, que procedeu á apertura da documentación presentada polos licitadores emitindo un informe de valoración das proposicións presentadas.

Realizada a valoración a Mesa de contratación propón ao órgano de contratación a adjudicación do contrato á empresa **CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.**, con CIF Núm. **B36133916**, xa que obtivo a mellor valoración, pero coa seguinte observación:

A empresa **CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.** incorre en oferta anormalmente baixa de conformidade co artigo 85 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e coa cláusula duodécima do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen a contratación da obra que neste informe se valora.

Con data **08 de agosto de 2024** requíreselle xustifiquen cales son as circunstancias que lles permiten executar dita oferta nesas condicións, de acordo coa "CLÁUSULA DUODÉCIMA. Ofertas anormalmente baixas" do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do Contrato de Obras por Procedemento Aberto Simplificado Sumario de MELLORA DE VIALES MUNICIPAIS EN PARADELA E BARALLA (XENDE), DO CONCELLO DA LAMA, e a lexislación vixente, na data 31 de xullo de 2024, na que rematou o prazo de presentación das propostas; advertíndolles que se non o fixeran no prazo indicado, se excluíra a proposta realizada na licitación no Procedemento de Contratación.

Visto que o día **13 de agosto de 2024** ás 09:37 horas co rexistro de entrada núm. 2024-E-RE-427 a empresa **CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.**, presenta escrito, precisando as condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou custos da mesma, pondo en manifesto o seguinte:

"Por lo tanto, tendremos a priori un beneficio neto de 4.500,62 € una vez deducidos los gastos esperables a la factura total de la obra antes de IVA incluyendo el gasto estimado de las mejoras ofertadas. (49.800,00€ - 45.299,38 €).

La proximidad de la obra con la base de Construcciones Caldevergazo, S.L. rebajan en un alto porcentaje los costes derivados del transporte de maquinaria, material y personal en comparación con el que tendrían que asumir otras empresas.

Si es cierto, que debido a algunos contratiempos como condicionantes meteorológicos, etc, puede haber alguna jornada en la cual el rendimiento no sea el esperado, pero esa pérdida no justificaría en ningún caso un déficit económico, y aún menos en calidad, de ejecución de las obras. De todas formas, es algo con lo que se contó en el momento de realizar la presente oferta económica, al minorar los rendimientos teóricos esperados con los coeficientes reductores climáticos en función del mes del año que se prevé ejecutar la obra. Expuesto en apartado posterior.

Además, y es muy importante resaltarlo, toda la maquinaria y personal que se usará en obra es toda de propiedad de **CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.** Así, en el cálculo del precio de las distintas partidas, se han aplicado precios tanto de maquinaria como de personal según las tarifas oficiales que la empresa aplica en el año 2021 a sus clientes, de forma que ya se incluye en ellos un grado de beneficio, además del comentado anteriormente. A todo esto se le puede añadir que muchas de las unidades que componen la presente obra se han sobredimensionado a la hora de establecer los medios oportunos, para evitar posibles contratiempos, de modo que, en condiciones normales, se podría mejorar el rendimiento obtenido.

Por otro lado nuestra empresa fundada en 1990 tiene la mayor parte de su maquinaria amortizada, lo que reduce de manera significativa de los costes.

CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L. posee Certificado de Sistema de Gestión Ambiental número 765/17 UNE-EN ISO 14001:2015; Certificado de Sistema de Gestión de la Calidad de la Organización número 1436/17 UNE-EN-ISO 9001:2015 y Certificado de Sistema de Gestión de la Seguridad y Salud en el Trabajo de la Organización número 275/20 ISO 45001:2018 lo que avala a nuestra empresa para ejecutar la presente obra garantizando la correcta ejecución de la misma.

CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO S.L. cuenta con el compromiso de proveedores y subcontratas (se adjuntan en el presente informe) para asumir toda la obra.

Que **CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.** cuenta con **AUTORIZACIÓN PARA LA GESTIÓN DE RESIDUOS NO PELIGROSOS CON INSCRIPCIÓN EN EL REGISTRO GENERAL DE PRODUCTORES Y GESTORES DE RESIDUOS DE GALICIA**, reduciendo los costes en este aspecto si lo comparamos con otras empresas.

La oferta expresada también es consecuencia de los precios de los materiales a utilizar que se ven reducidos gracias a la existencia de acuerdos-marco con proveedores debido al elevado volumen de obra en los últimos años y que garantizan descuentos importantes. Se incluye cartas de compromiso y precio de los materiales asociados.

Por lo tanto, con todo lo que se expone en el presente informe, y teniendo en cuenta la relación laboral que **CONSTRUCCIONES**

Concello A Lama

Avda. do Concello 1. 36830 (Pontevedra). Tfno. 986 768 238

CALDEVERGAZO, S.L. tiene en los últimos años con las diferentes Administraciones Públicas y empresas dependientes de ellas, creemos que la oferta presentada está más que justificada, por lo que rogamos se siga considerando a nuestra empresa como candidata a la adjudicación final de las obras en el presente proceso selectivo."

Visto que con data 14 de agosto de 2024, a Unidade Técnica volvese reunir para revisala documentación presentada e obsérvase que e correcta, xa que xustifícase por unha serie de aspectos tales como:

- Proximidade da obra coa base de Construcciones Caldevergazo S.L.
- Maquinaria e persoal empregado na obra propiedade de Construcciones Caldevergazo S.L.
- Empresa fundada en 1990, polo que maquinaria atopase amortizada.
- Compromiso e acordos-marco con provedores e subcontratas que garanten descontos importantes.

Polo que a vista das anteriores consideracións e da información solicitada dáse por válida dita xustificación e propónse a adxudicación do Contrato de obras por Procedemento Aberto Simplificado Sumario de MELLORA DE VIALES MUNICIPAIS EN PARADELA E BARALLA (XENDE), DO CONCELLO DA LAMA á empresa CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

RESOLVO

PRIMEIRO. Adjudicar o contrato de obras consistente "**MELLORA DE VIALES MUNICIPAIS EN PARADELA E BARALLA (XENDE), DO CONCELLO DA LAMA**", por procedemento Aberto Simplificado Sumario, a empresa **CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.**, co CIF Nº: **B36133916**, que presenta a seguinte oferta:

IMPORTE: 49.800,00€ e 10.458,00€ de IVE. **Importe Total 60.258,00€**

OFERTA UNHA MELLORA NO ESPESOR DO FIRME A BASE DE AGLOMERADO EN QUENTE TIPO D-12 NA PARTIDA CMF.04 DE: 4CM, sendo o espesor total do firme de: 10CM

AMPLIACIÓN DO PRAZO DE GARANTÍA: 36 meses. **Prazo de Garantía Total 48 meses**

SEGUNDO. O adxudicatario deberá cumprir as condicións especiais de execución do contrato de acordo co establecido no artigo 202 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e na Cláusula Décimo Sétima do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexen a presente licitación.

TIPO ESPECIAL	CONSIDERACIÓN DE TIPO MEDIOAMBIENTAL
Descrición	<u>ELIMINAR DESIGUALDADES ENTRE HOMES E MULLERES</u> <u>FAVORECER A MAIOR PARTICIPACIÓN DA MULLER NO MERCADO DE TRABALLO</u>

Os gastos derivados da realización da condición especial de execución establecida na presente cláusula serán a cargo exclusivo do contratista.

O incumprimento desta condición especial de execución, terá as consecuencias previstas polo ordenamento xurídico.

TERCEIRO. Dispor o gasto con cargo á aplicación orzamentaria

Exercicio	Aplicación orzamentaria	Importe	IVE/IGIC	Total
2024	1532-619	49.800,00€	21%	60.258,00€

CUARTO. Notificar a **CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.**, adxudicatario do contrato, a presente Resolución e citarlle para a formalización do contrato que deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

Así mesmo, notificar, nos termos previstos no artigo 151.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

QUINTO. A capacidade para contratar da empresa **CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.**, se considera xustificada ao consultar o certificado de inscrición no ROLECE, que figura no expediente.

SEXTO. Publicar anuncio de formalización do contrato no Perfil do contratante no prazo non superior a quince días tras a



Concello A Lama

Avda. do Concello 1. 36830 (Pontevedra). Tfno. 986 768 238

perfección do contrato e co contido contemplado no Anexo III da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

SETIMO. Formalizado o contrato coa empresa **CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.** esta dispón ata o **30 de outubro de 2024** para execución da obra **“MELLORA DE VIALES MUNICIPAIS EN PARADELA E BARALLA (XENDE), DO CONCELLO DA LAMA”**, debendo cumprir as condicións de execución do contrato de acordo co establecido na **Cláusula Sétima do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares** que rexen a presente licitación:

“Establecerase como prazo máximo de execución, UN MES (1 mes) tras a firma do acta de comprobación do replanteo, con arranxo ao seguinte cadro:

FASES	PLAZO DE EJECUCIÓN	IMPORTE
FASE I	30/09/2024 HASTA 16/10/2024	35.553,91 € + IVE
FASE II	17/10/2024 HASTA 30/10/2024	29.247,99 € + IVE
TOTAL		64.801,90 € + IVE

De xeito que se de cumprimento as disposicións establecidas polas Bases Plan de mellora de camiños rurais 2024-2025 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Xunta de Galicia, aprobadas mediante Resolución do 19 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento MR701E), publicadas no DOGA Nº18 do 25 de xaneiro de 2024.”

OITAVO. O contratista estará obrigado a instalar, para dar publicidade dende o inicio das obras ata a súa total terminación, mediante a colocación dun cartel anunciador nos termos previstos no anexo III do Regulamento 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1305/2013, e co disposto na Estratexia de información e publicidade do PDR 2014-2020 de Galicia, no que conste axuda financeira da Unión, coa inclusión do seguintes elementos: a bandeira europea, a referencia ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e a inclusión do lema: «Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural». Ao mesmo tempo, incluírán unha referencia á participación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación no cofinanciamento das actuacións subvencionadas, mediante a inclusión do logotipo deste organismo. O panel será de material resistente e rixido, e deberá estar colocado ata o momento da realización da visita in situ, e dun cartel anunciador no que conste expresamente o financiamento da Plan Concellos 2022-2023 da Deputación Provincial de Pontevedra, ao seu custo.

NOVENO. A adxudicataria **CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.**, deberá cumprir coas condicións establecidas nas autorizacións sectoriais de:

- Servizo de Coordinación Cultural (Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade)
- Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais

Que se achegaran coa notificación da Resolución de Adxudicación.

DÉCIMO. Deberá realizarse unha **reportaxe fotográfica**, en soporte dixital, do lugar ou lugares onde se efectuasen as actuacións, tomadas **antes, durante e con posterioridade** á execución das obras. A presentación das mesmas deberá permitir identificar os lugares e momento de execución a que correspondan.

DÉCIMO PRIMEIRO. Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.”

E convindo a ambas partes, en calidade de adxudicante e adxudicatario, o presente contrato, formalízano neste documento administrativo, con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. D. ENRIQUE CARRO PELLEJERO, con DNI núm. 76829310, en representación da empresa adxudicataria **CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.**, con CIF núm. **B36133916**, comprométese a realizar o contrato de obras denominado **“MELLORA DE VIALES MUNICIPAIS EN PARADELA E BARALLA (XENDE), DO CONCELLO DA LAMA”**, con arranxo ó proxecto e ó prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que figuran no expediente, documento contractual que adopta incondicionalmente e sen reserva algunha e do que deixa constancia asinando neste acto a súa



conformidade nel.

SEGUNDA. O importe do contrato, IVA incluído, é de **60.258,00€**, correspondente á oferta presentada pola empresa, que serán aboados ó contratista na forma establecida no Prego de cláusulas administrativas particulares.

TERCEIRA. A empresa dispón ata o 30 de outubro de 2024 para execución da obra “MELLORA DE VIALES MUNICIPAIS EN PARADELA E BARALLA (XENDE), DO CONCELLO DA LAMA”, debendo cumprir as condicións de execución do contrato de acordo co establecido na Cláusula Sétima do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexen a presente licitación:

“Establecerase como prazo máximo de execución, UN MES (1 mes) tras a firma do acta de comprobación do replanteo, con arranxo ao seguinte cadro:

FASES	PLAZO DE EJECUCIÓN	IMPORTE
FASE I	30/09/2024 HASTA 16/10/2024	35.553,91 € + IVE
FASE II	17/10/2024 HASTA 30/10/2024	29.247,99 € + IVE
TOTAL		64.801,90 € + IVE

De xeito que se de cumprimento as disposicións establecidas polas Bases Plan de mellora de camiños rurais 2024-2025 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Xunta de Galicia, aprobadas mediante Resolución do 19 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento MR701E), publicadas no DOGA N°18 do 25 de xaneiro de 2024.”

CUARTA. As melloras ofertadas pola empresa sobre os criterios relativos á oferta que se cuantifican de forma automática son:

- OFERTA UNHA MELLORA NO ESPESOR DO FIRME A BASE DE AGLOMERADO EN QUENTE TIPO D-12 NA PARTIDA CMF.04 DE: 4CM, sendo o espesor total do firme de: **10CM**
- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE GARANTÍA: 36 meses. **Prazo de Garantía Total 48 meses**

QUINTA. Deberá cumprirse polo adxudicatario o establecido na cláusula decimo sétima do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que se transcribe a continuación:

“Establécense as seguintes condicións especiais de execución do contrato, de acordo co establecido no artigo 202 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público:

TIPO ESPECIAL	CONSIDERACIÓN DE TIPO MEDIOAMBIENTAL
Descrición	<u>ELIMINAR DESIGUALDADES ENTRE HOMES E MULLERES</u> <u>FAVORECER A MAIOR PARTICIPACIÓN DA MULLER NO MERCADO DE TRABALLO</u>

Os gastos derivados da realización da condición especial de execución establecida na presente cláusula serán a cargo exclusivo do contratista.

O incumprimento desta condición especial de execución, terá as consecuencias previstas polo ordenamento xurídico.”

SEXTA. O contratista **presentará fotografías en soporte dixital ou papel do equipamento.** do lugar



ou lugares onde se efectuasen as actuacións, tomadas antes, durante e con posterioridade á execución das obras. A presentación das mesmas deberá permitir identificar os lugares e momento de execución a que correspondan.

SÉTIMA. Deberán colocarse dous **carteis anunciadores**, correspondentes as subvencións recibidas, no que conste expresamente o financiamento da Agencia Gallega de Desarrollo Rural (AGADER) (Q1500273F), RESOLUCIÓN do 19 de decembro de 2023 pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025 e da Deputación de Pontevedra do Plan + Provincia 2024.

OITAVA. D. ENRIQUE CARRO PELLEJERO, con DNI núm. 76829310, en representación da empresa CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L., con CIF núm. B36133916, **presta a súa conformidade ó Prego de Cláusulas Administrativas Particulares** que é documento contractual, firmándoo neste acto e se somete, para canto non se atope nel establecido ós preceptos da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, por a que se transpoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ó Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

O presente contrato esténdese en dous exemplares e a un único efecto, no lugar e data ó principio mencionado.

O Alcalde,

Pola empresa,
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.

David Carrera Cal

Enrique Carro Pellejero

A Secretaria – Interventora

María Gómez García

(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE)

